



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018]

FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO: PREZOS DE CUBERTO E HORARIOS DE AUTOBUSES

Informámosvos dos **prezos do cuberto** para a cea-baile do vindeiro 23 de febreiro (inclúen subvención do colexio):

- Colexiados/as de máis de 5 anos e acompañante: **55 €**
- Colexiados/as de menos de 5 anos: **40 €**

As tarxetas de invitación poderán retirarse xa na secretaría do colexio antes do día 19 de febreiro ás 20.00 h. Existe a posibilidade de reservar mesas, se así se solicita, no momento de retirar as invitacións.

O **servizo de autobuses** terá os seguintes horarios:

- Ida: 21.30 h e 22.00 h, saída dende as proximidades do Pazo de Fonseca (lugar por determinar) ata o hotel Oca Puerta del Camino. Máis adiante informaremos do lugar exacto en que partirán os autobuses dende a zona vella.
- Volta: 3.30 h e 4.30 h aprox.: dende o hotel Oca Puerta del Camino ata a praza de Galicia.

Programa: 23.02.2018

- 18.00 h Misa na Catedral de Santiago, que se aplicará en lembranza dos/as compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
 - ❖ Entrega das **medallas de ouro** do Colexio:
 - Categoría de «avogados/as»: D. Evaristo Nogueira Pol
 - Categoría de «non avogados/as»: D. José Paz Montero
 - ❖ Entrega do **IX Premio de Dereitos Humanos**: ASPAS Santiago
 - ❖ Entrega das **insignias de ouro** aos letrados/as que cumpren 40 anos de exercicio profesional: D^a Filomena Casal Gómez (colex. 517), D. Juan Bautista Gerpe Castro (colex. 518) e D. Alejandro Concheiro Nine (colex. 525)
 - ❖ **Xura ou promesa** de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca
- 22.00 h Cea-baile no hotel Oca Puerta del Camino